

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13516** *Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, vinculou a política pesqueira común e a xestión da pesca marítima coa protección dos recursos e co desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro mediante un réxime baseado no equilibrio das dispoñibilidades existentes e na súa explotación racional e responsable para obter o emprego óptimo dos factores de produción, favorecendo así a rendibilidade e mellorando as condicións socioeconómicas do sector pesqueiro a medio e longo prazo, especialmente a das poboacións locais dependentes da pesca. Modificada en varias ocasións nos seus trece anos de vixencia, procédese agora a unha nova modificación nos seguintes aspectos, que, en parte, retoman elementos xa presentes no proxecto de lei de pesca sustentable, que non chegaría a aprobarse.

Por un lado, a política de igualdade de oportunidades ten carácter horizontal e debe ser integrada en todos os ámbitos da acción pública. De acordo con este postulado, considérase necesario introducir no ámbito da política pesqueira un novo artigo na mencionada norma que indique expresamente que esta lei persegue a mellora da situación socioeconómica da poboación nos territorios onde se desenvolve a actividade pesqueira e acuícola, incorporando o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, así como a prohibición de calquera tipo de discriminación no sector.

Esta modificación da Lei de pesca marítima do Estado utilízase para apuntalar algunhas cuestións específicas da política de conservación e protección dos recursos pesqueiros. Así, engádense novas medidas no ámbito da regulación do esforzo pesqueiro e introdúcese unha mellor definición dos obxectivos e finalidades que han perseguir as reservas mariñas, incluíndo non só a rexeneración de recursos pesqueiros senón tamén a preservación da súa riqueza natural e a conservación de especies mariñas e a recuperación de ecosistemas. Tamén se incorpora un artigo específico sobre arrecifes artificiais, dado o seu impacto nos recursos pesqueiros. Así mesmo, faise necesario adaptar a nosa norma de referencia aos avances impulsados desde o dereito da Unión Europea en materia de comunicacións e documentos como a declaración de desembarque ou o diario de pesca para que, fundamentalmente, se utilicen medios electrónicos para o rexistro e a transmisión destes datos.

Por outro lado, procédese a tres melloras nos instrumentos de xestión da frota pesqueira. O Censo da frota pesqueira operativa é un instrumento de planificación e xestión da frota pesqueira, así como de regulación do esforzo pesqueiro dentro do ámbito da pesca marítima. No entanto, cómpre contar, así mesmo, cun Rexistro Xeral da Frota Pesqueira que, de acordo coa Sentenza do Tribunal Constitucional 166/2013, do 7 de outubro, inclúa tanto os buques que traballan en augas exteriores e os que simultanean augas exteriores e augas interiores (Censo da frota pesqueira operativa) como aqueles que exclusivamente traballan en augas interiores e as embarcacións auxiliares de instalacións de acuicultura (rexistros ou censos das comunidades autónomas), é dicir,

todos os buques que forman parte do Rexistro Comunitario de Buques. A citada sentenza reconduce, así mesmo, con claridade o establecemento de rexistros da frota pesqueira á competencia en materia de pesca marítima. Á luz desta xurisprudencia, e para os efectos de permitir ao Reino de España cumprir coas obrigacións comunitarias sobre o fornecemento de datos da totalidade dos buques españois, respectando as competencias executivas das comunidades autónomas no rexistro dos buques que traballan exclusivamente en augas interiores, créase o Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.

Así mesmo, a través da presente reforma evítanse conflitos semánticos e de interpretación, xa que o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, que inclúe tanto buques pesqueiros como mercantes e de lecer, é xestionado polo Ministerio de Fomento ao abeiro do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

En suma, con esta modificación desaparecen o antigo Censo de buques de pesca marítima e o Rexistro de buques dos até agora vixentes artigos 22 e 57, para crear un sistema único, o mencionado Rexistro Xeral, con dous compoñentes e plenamente coordinado co Rexistro comunitario. O Rexistro de Buques desaparece e o Censo da frota pesqueira operativa, regulado actualmente no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo de Pesca, pasa a ser só a parte do Rexistro Xeral dedicada á frota que opera en augas exteriores e a que simultanea augas exteriores e interiores. Fechando o círculo, o devandito Rexistro Xeral será o compoñente español do Rexistro comunitario.

Por outro lado, cómpre suprimir o número 3 do artigo 59, relativo á cédula do buque pesqueiro como documento identificativo, ao ter perdido vixencia debido á súa substitución pola licenza comunitaria que expide a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira. Finalmente, é necesario reforzar o cumprimento da disposición introducida polo Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, en relación coas condicións e o procedemento para actualizar permanentemente as medidas das embarcacións non suxeitas a procesos de regularización extraordinarios, para que as súas características reais coincidan coas rexistradas.

En terceiro lugar, o turismo pesqueiro ou mariñeiro, así como o turismo acuícola, preséntanse como a primeira liña de diversificación que permite a revitalización das zonas costeiras e rurais onde se desenvolve a actividade, fomentando, directa ou indirectamente, a difusión, a valoración e a promoción dos distintos oficios e modos de vida, así como o patrimonio e a cultura pesqueira. Entre as actividades asociadas ao turismo pesqueiro ou mariñeiro, encóntrase a de pesca-turismo, que polas súas condicións particulares require dunha regulación específica. O turismo pesqueiro ou mariñeiro pretende ser un produto ou experiencia turística arredor da cultura mariñeira entendida en sentido amplo, tanto no mar como na costa (actividades mariñeiras como por exemplo os oficios de mariscadoras ou redeiras), e que por isto transcende o mero conxunto de actividades materiais de pesca efectuadas por profesionais. Neste específico ámbito de diversificación económica contarase coa colaboración e impulso da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Considerando o alcance significativo que poidan cobrar e o seu indubidable impacto na sustentabilidade do recurso, resulta imprescindible reforzar e completar a regulación de actividades como a pesca-turismo de forma que se asegure unha xestión sustentable e coherente dos recursos mariños vivos en todos os seus ámbitos. Por iso, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará e fomentará o desenvolvemento das distintas actuacións de diversificación que sexan implantadas, como complemento ou como alternativa á actividade pesqueira e acuícola principal. Desta forma, engádese un capítulo VI ao título II, «Ordenación do sector pesqueiro», orientado a regular medidas de diversificación pesqueira e acuícola. A existencia dun especial control enfocado a estas cuestións fundaméntase nas imperiosas razóns de seguranza da navegación e de control extractivo do recurso que diferencian este subsector doutros relacionados coa actividade turística. Así mesmo, introdúcese no artigo dous unha serie de definicións sobre este

ámbito específico que tentan facilitar a comprensión sobre o obxecto de regulación do novo capítulo VI do título II. Débese lembrar que as definicións do artigo dous se establecen para os efectos da Lei de pesca marítima do Estado, o que non exclúe recoñecer expresamente que o ordenamento xurídico español fixo súas as definicións contidas no Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, así como as doutros regulamentos comunitarios vixentes na materia, dada a súa aplicabilidade directa en España.

Polo demais, o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, establece como obxectivo da política pesqueira común garantir que as actividades da pesca e a acuicultura contribúan á sustentabilidade ambiental, económica e social a longo prazo.

A pesca ilegal, non declarada ou non regulamentada (INDNR ou IUU, nas súas siglas en inglés) converteuse nunha das maiores ameazas á explotación sustentable dos recursos acuáticos vivos e para a biodiversidade mariña, e contravén tanto os principios que rexen a política pesqueira común como os esforzos internacionais por lograr un mellor goberno dos mares, de acordo co principio fixado na Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, feito en Bahía de Montego o día 10 de decembro de 1982, da cal o Reino de España é parte.

Así, a lexislación nacional debe reflectir os avances que se produciron no ámbito comunitario e internacional desde o punto de vista do establecemento de réximes de infraccións e sancións encamiñados, desde a perspectiva punitiva e preventiva, a garantir os sistemas de xestión das pesqueiras.

En particular, son destacables os avances introducidos polo Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común. A vixencia de ambas as normas, de aplicación directa no noso ordenamento xurídico, aconsella a introdución dun novo artigo específico sobre o control da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, a ampliación do artigo consagrado a establecer determinadas prohibicións á comercialización de produtos pesqueiros, así como unha adaptación máis racional do réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 3/2001, do 26 de marzo, polo que se procede á súa reforma.

Unha reforma que tamén está en consonancia con outros elementos fundamentais, como son a proliferación das actividades de pesca recreativa, apoiadas en medios cada vez máis innovadores e en ocasións danifinos para os recursos e para a actividade pesqueira profesional, o que exige a introdución dalgúns elementos que lle son propios. Ademais, a propia experiencia destes máis de dez anos de vixencia do réxime de infraccións e sancións puxo de manifesto a existencia de problemas específicos do ámbito sancionador en materia de pesca marítima, así como a necesidade de estudar novos mecanismos postos en marcha con éxito noutras ordes sancionadoras desde o punto de vista da eficiencia administrativa, como é o pagamento voluntario con redución de sanción pecuniaria, desenvolvido pioneiramente na Dirección Xeral de Tráfico.

Definitivamente, os obxectivos de estabilidade orzamentaria non deben pór en cuestión a importancia que para un país eminentemente pesqueiro como España ten a consecución dos obxectivos de conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros. Uns obxectivos que, esencialmente, se materializan a través duns adecuados labores de control, así como grazas á realización de investigacións pesqueiras e oceanográficas, actividades e investigacións cuxo efecto multiplicador para a sustentabilidade e a rendibilidade socioeconómica do sector pesqueiro é indubidable. Por isto, considérase apropiado, partindo da necesaria base de non incrementar o gasto público, recoñecer a necesidade de contar con medios suficientes, de forma que as políticas de control e protección dos recursos pesqueiros repercutan de forma positiva no propio sector, a través da coordinación que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e

Medio Ambiente exerce na materia grazas á Secretaría Xeral de Pesca; dotación suficiente de medios que, ademais, está establecida nos anteriormente citados regulamentos comunitarios.

A coordinación entre os distintos ministerios e administracións no relativo aos rexistros e censos é unha necesidade básica na era da informática, de forma que se poidan realizar con maior rigor e rapidez todos os procesos de autorización e control das actividades administrativas, e en tal senso se procede a reformar a lei.

Por último, de novo seguindo a xurisprudencia que o Tribunal Constitucional recolle na súa Sentenza 166/2013, do 7 de outubro, procede axustar correcta e completamente ao bloque de constitucionalidade as disposicións do capítulo V do título II -Portos de desembarque e primeira venda dos produtos pesqueiros-, como consecuencia dos requisitos sobre rastrexabilidade de todos os produtos pesqueiros establecidos polo Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común. Desde esta perspectiva, e coa finalidade de asegurar un control de rastrexabilidade de cumprimento obrigatorio segundo o dereito comunitario, procede declarar de entre os títulos competenciais que concorren a prevalencia da habilitación contida no artigo 149.1.13.ª, básica de ordenación da actividade comercial no relativo ao establecemento de requisitos de rastrexabilidade dos produtos pesqueiros para a súa comercialización.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei establécense as seguintes definicións:

Actividade pesqueira: a extracción dos recursos pesqueiros en augas exteriores, así como a de crustáceos e moluscos con artes e aparellos propios da pesca. Están excluídas desta definición as actividades de marisqueo e acuicultura, así como a pesca en augas interiores.

Augas exteriores: augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, situadas por fóra das liñas de base, tal e como se determinan na Lei 20/1967, do 8 de abril, sobre extensión de xurisdición marítima a doce millas, para efectos de pesca, e no Real decreto 2510/1977, do 5 de agosto, de augas xurisdicionais, liñas de base rectas para a súa delimitación.

Augas interiores: augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española situadas por dentro das liñas de base.

Arte de pesca: todo aparello, rede, útil, instrumento e equipamento utilizados na pesca marítima en augas exteriores.

Arrecife artificial: o conxunto de elementos ou módulos constituídos por diversos materiais inertes, ou ben os cascos de buques de madeira especificamente adaptados para este fin que se distribúen sobre unha superficie delimitada do leito mariño.

Buque habitual: aquel buque que exerceu unha pescaría de forma continuada, reiterada e ininterrompida, considerándose como tal a non interrupción voluntaria da dita actividade durante dous anos consecutivos.

Caladoiro nacional: as augas marítimas baixo xurisdición ou soberanía española.

Capturas históricas: as realizadas habitualmente por un buque desde unha data determinada regulamentariamente.

Diversificación pesqueira ou acuícola: o desenvolvemento de actividades complementarias realizadas por profesionais do sector pesqueiro, co fin de reforzar a economía das comunidades pesqueiras.

Esfuerzo pesqueiro: a intensidade con que é exercida a actividade pesqueira, medida como a capacidade dun buque, segundo a súa potencia e arqueo, o tempo de actividade e outros parámetros que poidan incidir na súa intensidade de pesca. O esforzo de pesca desenvolvido por un conxunto de buques será a suma do exercido por cada un deles.

Lonxa: a instalación prevista para a exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos, situada no recinto portuario e autorizada polos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector pesqueiro.

Ordenación da actividade comercial dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura: a regulación das operacións que se realizan respecto a tales produtos desde que finaliza a primeira venda até a súa chegada ao consumidor final e, en especial, no relativo ao transporte, almacenamento, transformación, exposición e venda.

Ordenación do sector pesqueiro: a regulación do sector económico ou produtivo da pesca, en especial no relativo aos axentes do sector pesqueiro, á frota pesqueira, ao establecemento de portos base e cambios de base e á primeira venda dos produtos pesqueiros.

Pesca marítima: o conxunto de medidas de protección, conservación e rexeneración dos recursos mariños vivos en augas exteriores, así como a actividade pesqueira nesas augas.

Pesca-turismo: tipo de actividade de turismo pesqueiro ou mariñeiro desenvolvida a bordo de embarcacións pesqueiras por parte de profesionais do sector, mediante contraprestación económica, que ten por obxecto a valorización e difusión do seu traballo no medio mariño e na cal os turistas embarcados non poderán exercer a actividade pesqueira.

Pesqueira: exercicio da actividade pesqueira dirixida á captura dunha especie ou grupo de especies nunha zona ou caladoiro determinado.

Posibilidades de pesca dos buques: volume de capturas, esforzo de pesca ou tempo nunha zona que correspondeu a un buque conforme a repartición baseada nos criterios establecidos nesta lei.

Recursos pesqueiros: recursos mariños vivos, así como os seus esqueletos e demais produtos daqueles, susceptibles de aproveitamento.

Turismo acuícola: actividade desenvolvida polos colectivos de profesionais que desenvolven a actividade da acuicultura, mediante contraprestación económica, orientada á valorización e difusión da súa actividade e dos produtos do medio acuícola.

Turismo pesqueiro ou mariñeiro: actividade desenvolvida polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientada á valorización e difusión das actividades e produtos do medio mariño, así como dos costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira, que por isto transcende a mera actividade extractiva e comercial.

Zona ou caladoiro de pesca: área xeográfica suxeita a medidas de xestión ou conservación singulares, con base en criterios biolóxicos.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 3 bis.

«Artigo 3 bis. *Igualdade de trato e oportunidades.*

As actuacións e medidas contidas na presente lei deberán respectar o principio de igualdade de trato e oportunidades, co fin de evitar, no desenvolvemento das distintas actividades reguladas nesta lei, situacións de discriminación de feito por razón de



sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, orientación sexual, idade, crenzas ou relixión, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

Tres. Engádense dúas novas letras ao número 1 do artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Co fin de garantir a mellora e conservación dos recursos pesqueiros, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas de regulación do esforzo pesqueiro:

- a) A limitación do número de buques en función da incidencia das súas características no esforzo de pesca do conxunto da frota nunha pesqueira.
- b) A limitación do tempo de actividade pesqueira.
- c) O feche da pesqueira.
- d) A limitación das redes, a dimensión das artes, o número de anzós ou calquera outra medida nas artes utilizadas que poida regular o esforzo pesqueiro desenvolvido por cada buque.
- e) A redución da capacidade de pesca.»

Catro. Modifícase o artigo 14, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *As reservas mariñas.*

1. Serán declaradas reservas mariñas aquelas zonas que polas súas especiais características se consideren adecuadas para a rexeneración dos recursos pesqueiros e contribúan á preservación da riqueza natural de determinadas zonas, á conservación das diferentes especies mariñas ou á recuperación dos ecosistemas. As medidas de protección determinarán as limitacións ou a prohibición, segundo o caso, do exercicio da actividade pesqueira, así como calquera outra actividade que poida alterar o equilibrio natural.

2. No ámbito das reservas mariñas poderán delimitarse áreas ou zonas con distintos niveis de protección.

3. As reservas mariñas poderanse integrar na rede de áreas mariñas protexidas a que se refire a lei reguladora da protección do medio mariño.»

Cinco. Engádense un novo artigo 15 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15 bis. *Arrecifes artificiais.*

1. O ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá autorizar a instalación de arrecifes artificiais en augas exteriores.

2. Naqueles casos en que os arrecifes ocupen simultaneamente augas exteriores e interiores, a autorización realizarana conxuntamente o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a comunidade autónoma titular das augas interiores.

3. A autorización de instalación dun arrecife artificial non implicará dereito preferente de explotación da zona ocupada por parte do seu titular.

4. Regulamentariamente estableceranse os requisitos mínimos que deberán cumprir os arrecifes, que deben, en todo caso, estar construídos con materiais que non produzan contaminación no medio mariño. Queda expresamente excluído o uso de chatarras e outros materiais de refugallo non especificamente autorizados.

5. O afundimento de buques co fin de instalar arrecifes artificiais soamente poderá realizarse de acordo coas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Seis. Modifícase o artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Censo da frota pesqueira operativa.*

1. O Censo da frota pesqueira operativa conterá a relación dos buques de bandeira española que poden exercer a actividade pesqueira nas augas do ámbito de aplicación deste título, isto é, os buques que traballan en augas exteriores e os que simultanean augas exteriores e interiores e o seu funcionamento desenvolverase regulamentariamente. O Censo conterá todos os parámetros dos buques que poden incidir no esforzo pesqueiro desenvolvido pola frota, incluídas as modalidades, pesqueiras e caladoiros. O seu contido forma parte do Rexistro Xeral da Frota Pesqueira que se crea no artigo 57.

2. Só os buques incluídos neste censo poderán ser autorizados e provistos de despacho para a pesca ou faenas auxiliares de pesca.

3. A inscrición no Censo da frota pesqueira operativa non eximirá do cumprimento do deber de inscrición no Rexistro Mercantil e noutros rexistros públicos que poidan existir.

4. Para os efectos da súa adscrición no Censo da frota pesqueira operativa, todos os buques estarán adscritos a un único censo por modalidade e caladoiro.»

Sete. Modifícase o artigo 33, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 33. *O diario de pesca.*

1. Os capitáns dos buques pesqueiros levarán a bordo un diario de pesca co fin de reflectir nel os detalles da actividade pesqueira realizada, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Os capitáns dos buques pesqueiros obrigados pola normativa vixente rexistrarán por medios electrónicos a información relativa ás actividades de pesca e transmitirana ao menos unha vez ao día, tamén por medios electrónicos, á autoridade competente mesmo aínda que non se efectuasen capturas.

3. En aplicación da normativa comunitaria, poderá eximirse da obrigación de levar o diario de pesca a buques pesqueiros de determinadas características e actividade.»

Oito. Engádese un novo número 4 ao artigo 34, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os capitáns dos buques pesqueiros obrigados pola normativa vixente rexistrarán por medios electrónicos os datos da declaración de desembarque e transmitirana tamén por medios electrónicos á autoridade competente.»

Novo. Modifícase o número primeiro do artigo 38, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Os inspectores de pesca marítima en augas exteriores.*

1. Os inspectores de pesca marítima en augas exteriores terán a condición de axentes da autoridade no desempeño da súa actividade inspectora, sen prexuízo das competencias das forzas armadas e das forzas e corpos de seguranza do Estado.»

Dez. Engádese un novo artigo 40 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 40 bis. *Control da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.*

1. Adoptaranse as medidas de control e inspección necesarias para asegurar que os produtos da pesca importados en España e exportados desde España foron capturados respectando as medidas internacionais de conservación e ordenación e, se for o caso, as demais normas pertinentes aplicables ao buque pesqueiro de que se trate, e non proceden da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

2. Estas medidas estarán particularmente encamiñadas a previr, desalentar e eliminar a actividade de buques apátridas, buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou buques de terceiros países identificados polas organizacións internacionais por teren incorrido en actividades de pesca ilegal.

3. Promoveranse as accións necesarias para disuadir eficazmente os nacionais españois de realizaren operacións de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, ou facilitar a súa realización por buques abandeirados en terceiros países que traballen fóra das augas comunitarias, o que incluírá medidas para identificar estes nacionais, así como a comprobación das actividades dos nacionais que teñan relación con buques de terceiros países que traballen fóra das augas comunitarias.»

Once. Modifícase o artigo 57, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 57. *Rexistro Xeral da Frota Pesqueira.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente un Rexistro Xeral da Frota Pesqueira onde estarán incluídos todos os buques pesqueiros con pavillón español que forman parte do Rexistro Comunitario de Buques.

2. Este rexistro xeral estará composto polos buques que traballan en augas exteriores e os que simultanean augas exteriores e interiores contidos no Censo da frota pesqueira operativa regulado no artigo 22 e polos buques que traballan exclusivamente en augas interiores.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente será o responsable da xestión e das modificacións deste Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e da súa comunicación á Unión Europea e manterá unha comunicación electrónica permanente coas comunidades autónomas, que quedan obrigadas a incorporar ao Rexistro os datos dos buques que traballan exclusivamente en augas interiores e as embarcacións auxiliares de instalacións de acuicultura, de cuxo rexistro ou censo son competentes.

4. O funcionamento do dito Rexistro Xeral desenvolverase regulamentariamente.

5. As axudas públicas e as transferencias de fondos nacionais ás comunidades autónomas para fins pesqueiros e o resto de medidas da política pesqueira común que as normas da Unión Europea vinculen ao Rexistro Comunitario quedarán vinculadas ao efectivo cumprimento das obrigacións de fornecemento de información previstas neste artigo.»

Doce. Modifícase o artigo 58, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 58. *Programas de construción, modernización e reconversión.*

1. A construción, modernización e reconversión de buques pesqueiros realizarase no marco dos programas destinados a isto por parte do Goberno coa participación das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, para a adaptación do esforzo pesqueiro ao estado dos recursos, á situación das pesqueiras existentes e aos plans de xestión de pesqueiras específicas en vigor.

2. As alteracións do arqueo e/ou da potencia propulsora dos buques da lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras realizadas sen as preceptivas autorizacións darán lugar á obrigación de achegar baixas censadas equivalentes aos aumentos producidos no arqueo e/ou potencia propulsora, sen prexuízo das demais consecuencias que legal ou regulamentariamente deriven da ausencia de tales autorizacións.»



Trece. Modifícase o artigo 59, cuxo número 3 queda suprimido e cuxos números 1 e 2 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 59. *Novas construcións de buques pesqueiros.*

1. A autorización de construción de buques pesqueiros requirirá que as unidades que se vaian construír substitúan un ou máis buques achegados como baixas inscritos no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Estas condicións afectarán o arqueo, a potencia e os demais requisitos técnicos dos buques pesqueiros, segundo as modalidades de pesca ou as pesqueiras a que se destinen.

2. Sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento, as autorizacións para novas construcións corresponden á comunidade autónoma en que o buque deba ter o seu porto base.

A comunidade autónoma outorgará esta autorización tendo en conta a normativa básica correspondente e o informe favorable previo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre os aspectos da súa competencia exclusiva en materia de pesca marítima.»

Catorce. Modifícase o número 2 do artigo 60, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando as obras de modernización e reconversión supoñan incremento de esforzo de pesca, exixirase a achega de baixas doutros buques inscritos no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira, na forma ou coas excepcións que regulamentariamente se establezan.»

Quince. Modifícase o número 3 do artigo 62, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A paralización definitiva dun buque pesqueiro implicará a súa baixa no Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.»

Dezaseis. Introdúcese un novo capítulo VI no título II. Medidas de diversificación económica do sector pesqueiro e acuícola, co seguinte contido:

#### «CAPÍTULO VI

##### **Medidas de diversificación pesqueira e acuícola**

Artigo 74 bis. *Coordinación e fomento da diversificación económica do sector pesqueiro e acuícola.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente potenciará as medidas de diversificación económica do sector pesqueiro e acuícola, en particular, o turismo acuícola, o turismo pesqueiro ou mariñeiro e a pesca-turismo, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e das comunidades autónomas.

Artigo 74 ter. *Condicións da pesca-turismo.*

1. Para o exercicio da pesca-turismo deberase contar co informe favorable previo do Ministerio de Fomento, relativo ás condicións de seguranza marítima, da navegación, da vida humana no mar e da prevención da contaminación, e coa comunicación previa ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen prexuízo das exixencias previstas na lexislación correspondente para os operadores legalmente establecidos en territorio español.

2. A realización desta actividade será compatible coa pesca extractiva para a cal o buque estea autorizado, sempre sempre que tales buques reúnan as condicións de seguranza e habitabilidade que regulamentariamente se establezan. En todo caso, os turistas embarcados a bordo destas embarcacións non poderán exercer a actividade pesqueira.

Regulamentariamente, consultadas as comunidades autónomas, estableceranse as condicións de complementariedade e compatibilidade da actividade de pesca extractiva e pesca-turismo e as condicións do embarque da pasaxe.

3. De conformidade co punto primeiro, estas actividades serán realizadas en todo caso por profesionais do sector, suxeitos por tanto ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, consultadas as comunidades autónomas, poderá establecer medidas específicas para a pesca-turismo en augas exteriores por razón de protección e conservación dos recursos pesqueiros.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente deberá ser informado dos buques que desenvolven esta actividade.

6. Aquelas embarcacións que opten por desenvolver as actividades de pesca-turismo deberán subscribir un seguro ou outra garantía financeira equivalente para cubrir a responsabilidade civil nos termos que regulamentariamente se establezan de conformidade coa lexislación marítima.

7. Regulamentariamente poderán establecerse as condicións de comercialización dos produtos pesqueiros así obtidos.»

Dezasete. Modifícase o artigo 79, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 79. *Prohibicións.*

1. Quedan prohibidas as operacións de comercialización de produtos da pesca e do marisqueo de calquera orixe ou procedencia, incluíndo a tenza, posesión, transporte, tráfico, almacenamento, transformación, exposición e venda, nos seguintes casos:

- a) Que sexan de tamaño ou peso inferior ao regulamentado na normativa internacional, comunitaria, estatal e autonómica de aplicación en cada caso.
- b) Que procedan da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.
- c) Que o seu modo de obtención non fose conforme coa normativa internacional, comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.
- d) Que incumpran a normativa sanitaria aplicada.»

Dezaioito. Modifícase o título V nos seguintes termos:

«TÍTULO V

**Infraccións e sancións**

CAPÍTULO I

**Obxecto e principios xerais**

Artigo 89. *Obxecto.*

O presente título ten por obxecto:

- a) Establecer o réxime sancionador en materia de pesca marítima, cuxa aplicación corresponde aos órganos competentes da Administración xeral do Estado.

b) Establecer a normativa básica do réxime sancionador en materia de ordenación do sector pesqueiro e da actividade comercial de produtos pesqueiros, cuxo desenvolvemento legislativo e execución corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas.

#### Artigo 90. *Ámbito de aplicación.*

Os preceptos do presente título son de aplicación ás condutas ou feitos cometidos:

a) Dentro do territorio e das augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas.

b) Fóra do territorio ou das augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas por persoas físicas ou xurídicas, a bordo de buques de pavillón nacional ou servíndose deles.

c) Fóra do territorio ou das augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas por persoas físicas ou xurídicas de nacionalidade española, a bordo de buques apátridas ou sen nacionalidade; ou de buques de pavillón estranxeiro ou servíndose deles, neste último suposto sempre que o Estado de bandeira non exercese a súa competencia sancionadora segundo a normativa en vigor.

d) Ademais do disposto nos números anteriores, serán tamén de aplicación aos feitos ou condutas detectados en territorio ou augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición españolas e considerados como pesca ilegal, non declarada e non regulamentada segundo os termos e condicións establecidos na normativa comunitaria ou internacional, aínda que fosen cometidas fóra do citado ámbito, independentemente da nacionalidade dos seus autores e do pavillón do buque.

#### Artigo 91. *Responsables.*

1. Serán responsables das infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas que as cometan por si ou mediante persoas xurídicas en que exerzan o control societario segundo a lexislación mercantil en vigor, aínda cando estean integradas en unións temporais de empresas, agrupacións ou comunidades de bens sen personalidade.

##### 2. Responsables solidarios:

a) Cando a infracción sexa imputable a varias persoas e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán solidariamente:

1.º Os propietarios de buques, armadores, fretadores, importadores e os seus representantes, remolcadores, consignatarios, titulares da concesión de lonxas pesqueiras, responsables autorizados para a primeira venda, mercados grosistas, responsables de instalacións de engorda de atún vermello ou outros recursos pesqueiros, capitáns e patróns ou persoas que dirixan as actividades pesqueiras, nos supostos de infraccións de pesca marítima.

2.º Os transportistas ou calquera persoa que participe no transporte de produtos pesqueiros con respecto ao suposto de infracción previsto no artigo 103 d).

3.º Os propietarios de empresas comercializadoras ou transformadoras de produtos pesqueiros e persoal responsable delas nos casos de infraccións que afecten estas actividades.

b) Cando o cumprimento das obrigacións previstas nunha disposición legal corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se imponhan.

c) Serán responsables solidarios polo incumprimento das obrigacións impostas pola lei que leven unido o deber de previr a infracción administrativa

cometida por outros as persoas físicas e xurídicas sobre as cales tal deber recaía, cando así o determine a presente lei.

3. Os propietarios de embarcacións e/ou armadores, no caso de mediar unha denuncia por suposta infracción administrativa de pesca marítima, debidamente requiridos para isto, teñen o deber de identificar o patrón e/ou persoa responsable da embarcación, e se incumpren esta obrigaón serán sancionados como autores dunha infracción grave de falta de colaboración ou obstrución aos labores de inspección.

#### Artigo 92. *Concurrencia de responsabilidades.*

1. A responsabilidade polas accións ou omisións tipificadas na presente lei é de natureza administrativa e non exclúe as doutra orde a que houber lugar.

2. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Nos supostos en que a conduta poida ser constitutiva de delito, a Administración pasará o tanto de culpa á xurisdición competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivamento das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

5. Se non se apreciou a existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

#### Artigo 93. *Prescripción de infraccións e sancións.*

1. As infraccións administrativas previstas na presente lei prescribirán no prazo de tres anos as moi graves, no de dous anos as graves e no dun ano as leves.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, en canto que as impostas por graves ou leves o farán aos dous anos e ao ano, respectivamente.

3. Para o cómputo dos prazos de prescripción de infraccións e sancións observarase o disposto no artigo 132.2 e 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consume. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por careceren de signos externos, o prazo computarase desde que estes se manifesten.

#### Artigo 94. *Prazo de tramitación do procedemento sancionador.*

1. O prazo máximo para tramitar, resolver e notificar a resolución sancionadora será de seis meses para as infraccións leves, e de nove meses para as infraccións graves e moi graves. Este prazo computarase desde a adopción do acordo de iniciación do procedemento.

2. Transcorrido este prazo, o órgano competente para resolver declarará a caducidade das actuacións, sen prexuízo de solicitar, así mesmo, ao órgano competente o inicio dun novo procedemento, en tanto non prescribise a infracción.

Artigo 95. *Actuacións previas e de investigación.*

1. No marco dunhas actuacións previas ou da instrución dun procedemento sancionador, os funcionarios competentes poderán investigar as persoas físicas ou xurídicas que directa ou indirectamente poidan ter algún tipo de relación xurídica, mercantil, financeira ou de calquera outro tipo coa actividade pesqueira ou coa comercialización de produtos pesqueiros.

2. As persoas físicas, así como os administradores, representantes e empregados das persoas xurídicas citadas no número 1 virán obrigados a prestar a súa colaboración aos funcionarios competentes no exercicio das súas funcións e a presentar a documentación que lles sexa requirida co obxecto de facilitar os labores de investigación ou instrución.

3. As actuacións de investigación ou instrución poderán consistir no exame de documentos, libros, contabilidade principal e auxiliar, ficheiros, facturas, xustificantes, correspondencia con transcendencia para os efectos da investigación, bases de datos informatizadas, programas, rexistros e arquivos informáticos relativos a actividades económicas, así como na inspección de bens, elementos, explotacións e calquera outro antecedente ou información que deba facilitarse á Administración ou que sexa necesario para a exixencia das obrigacións establecidas na normativa de pesca e comercialización de produtos pesqueiros.

4. Cando as actuacións de investigación, inspección ou de instrución requiriran, os funcionarios que desenvolvan estas funcións poderán entrar, de conformidade coa normativa comunitaria de control e loita contra a pesca INDNR, en todas as dependencias dos buques, así como nos predios, locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que se desenvolvan actividades que poidan estar relacionadas coa actividade pesqueira ou de comercialización de produtos pesqueiros.

5. Cando no exercicio das actuacións de investigación sexa necesario entrar en domicilio constitucionalmente protexido, a Administración deberá obter o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

6. O persoal inspector poderá ser asistido por persoal de apoio para a realización de tarefas de asistencia nas inspeccións, sen que esta circunstancia exima en ningún caso os inspectores de exercer as funcións que teñen encomendadas.

7. Ao efectuarse unha visita de inspección, os axentes e autoridades deberán comunicar a súa presenza, a menos que consideren que tal comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.

Artigo 96. *Notificacións.*

1. De conformidade co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os capitáns e patróns, ou as persoas interesadas que dirixan as actividades pesqueiras, entenderanse notificados unha vez practicada a notificación ao titular da licenza de pesca con que prestaren o seu servizo.

2. O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá establecer, en relación cos actos que deban ser notificados pola Administración xeral do Estado no marco dos procedementos sancionadores en materia de pesca marítima, a utilización obrigatoria e/ou voluntaria de medios electrónicos para aqueles titulares de licenzas de pesca que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación ou outros motivos que se desenvolvan regulamentariamente, teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

Artigo 97. *Medidas provisionais.*

1. As autoridades competentes en materia de pesca marítima e os axentes e autoridades que actúen por delegación ou en virtude de calquera outra forma

xurídica prevista en dereito poderán adoptar, desde o momento en que teñan coñecemento da comisión dunha presunta infracción, as medidas provisionais precisas, incluídas a suspensión das autorizacións de pesca, o apresamento e a retención da embarcación, e o comiso das artes, aparellos e útiles de pesca, das capturas pesqueiras ou dos produtos da pesca ou dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións nos supostos de infraccións graves ou moi graves, para asegurar, entre outras, a eficacia da resolución que puiden recaer, a boa fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e/ou garantir os intereses xerais. Todas estas medidas se poderán adoptar acumulativamente.

2. En todo caso, terán a consideración de medidas provisionais as identificadas como medidas coercitivas na normativa internacional e comunitaria contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

3. A adopción destas medidas realizarase de forma motivada. Cando resulte preciso, por razóns de urxencia ou de necesidade, as autoridades competentes adoptarán tales medidas de forma verbal, dando razón do seu proceder, e reflectirán o acordo e a súa motivación por escrito coa maior brevidade posible e, en todo caso, nun prazo non superior a cinco días, dando traslado del aos interesados.

4. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, dentro do prazo de quince días desde a súa adopción. As medidas adoptadas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

5. As medidas provisionais adoptaranse baseándose nun xuízo de razoabilidade e elixindo aquela que menos dane a situación xurídica do administrado.

*Artigo 98. Do apresamento ou retención de buques e do comiso das artes, aparellos e útiles da pesca ou das capturas pesqueiras, produtos da pesca ou dos produtos ou bens obtidos como medida provisoria.*

1. Os buques apresados e/ou retidos serán liberados sen dilación, logo de constitución dunha fianza ou doutra garantía financeira prevista normativamente cuxa contía será fixada polo órgano competente, mediante o correspondente acto administrativo, e que non pode exceder o importe da sanción que puiden corresponder pola infracción ou infraccións cometidas. O prazo para a prestación da fianza será dun mes desde a súa fixación e pode ser prorrogado por idéntico tempo e por causas xustificadas. Se non se prestar fianza no prazo establecido, o buque quedará ao dispor do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que poderá decidir sobre o sitio en que o colocará e o seu destino de acordo coa lexislación vixente e coa regulación do dereito internacional derivada da Convención das Nacións Unidas do dereito do mar e da xurisprudencia do Tribunal Internacional de Dereito do Mar con sede en Hamburgo.

2. As artes, aparellos ou útiles de pesca antirregulamentarios comisados serán destruídos. Os regulamentarios comisados serán devoltos ao interesado, logo de constitución de fianza ou doutra garantía financeira legalmente prevista, segundo os mesmos termos, procedemento e consecuencias expresados no número anterior.

3. As capturas pesqueiras e/ou produtos da pesca comisados, no suposto de teren posibilidades de sobrevivir, deberán devolverse ao medio mariño sen dilación. En caso contrario, cando sexan aptos para o consumo, poderán:

a) Distribuírse entre entidades benéficas e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro. Esta opción terá carácter preferente.

b) Venderse en lonxa ou lugar autorizado e o importe da venda quedará en depósito ao dispor do órgano competente para iniciar o procedemento sancionador.



c) Con carácter subsidiario, e cando non sexa posible a venda en lonxa, acordarase o inicio do procedemento de poxa pública, nos termos que regulamentariamente se desenvolvan.

d) Como última opción e unicamente nos casos en que ningunha das opcións anteriores sexa posible, categorizaranse como subprodutos animais non destinados ao consumo humano e trataranse conforme a normativa que lles sexa de aplicación, salvo que en todo caso proceda a súa destrución.

4. En caso de capturas pesqueiras e/ou produtos da pesca comisados non aptos para o consumo, procederase á súa clasificación e tratamento como subprodutos animais non destinados ao consumo humano, conforme a normativa que lles sexa de aplicación, salvo que en todo caso proceda a súa destrución.

5. Os gastos derivados da adopción de medidas provisionais e cautelares, ou das sancións, se for o caso, serán por conta do presunto infractor.

## CAPÍTULO II

### **Das infraccións administrativas en materia de pesca marítima en augas exteriores**

#### Artigo 99. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

a) Calquera actualización dos datos e circunstancias persoais que figuren na licenza cando non requira autorización administrativa previa, sen efectuar a comunicación prevista legalmente.

b) A realización de traballos de pesca e selección de peixe cando se dificulte a visibilidade das luces utilizadas regulamentariamente.

c) A anotación incorrecta no diario de pesca, diario electrónico de a bordo, se for o caso, e na declaración de desembarque que non supoña unha alteración dos datos relativos ás capturas, ao esforzo de pesca ou á posición xeográfica dos lances de pesca.

d) O exercicio da pesca de lecer sen portar a licenza ou as autorizacións, dispoñendo delas en vigor.

e) O incumprimento das preceptivas obrigacións de información á Administración xeral do Estado ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou condicións destas, cando non estea tipificada como grave ou moi grave, incluíndo canta información rexistral sexa preceptiva.

f) O exercicio da pesca de lecer con cana desde terra sen dispor da correspondente licenza ou autorización.

g) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das obrigacións establecidas na lexislación pesqueira comunitaria ou previstas en tratados internacionais en materia de pesca e que non constitúan infracción grave ou moi grave.

h) Calquera infracción do establecido nesta lei ou no resto da lexislación vixente en materia de pesca marítima, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

#### Artigo 100. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

1. No relativo ao exercicio da actividade:

a) O exercicio ou realización de actividades de pesca sen dispor de licenza ou das correspondentes autorizacións.

b) O incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións de pesca.

- c) O incumprimento das normas vixentes sobre modalidades de pesca.
- d) O cambio de modalidade de pesca sen contar coa preceptiva autorización.
- e) O exercicio ou a realización de actividades de pesca sen estar incluído no censo específico correspondente.
- f) O exercicio de actividades de pesca en fondos prohibidos, en caladoiros, zonas ou períodos de tempo non autorizados ou en zonas de veda.
- g) O incumprimento das normas relativas ao esforzo pesqueiro ou de tempo de calamento das artes ou aparellos.
- h) A utilización ou tenza a bordo de boias ou balizas que non cumpran a normativa vixente, ou calquera outro incumprimento da normativa en materia de sinalización.
- i) O incumprimento da obrigaçión de respectar as distancias mínimas para buques e artes establecidas na normativa vixente.
- j) A obtención de autorizacións de pesca en número superior ás permitidas legalmente por causas imputables ao interesado.
- k) A organización de concursos de pesca de lecer sen contar coa preceptiva autorización ou incumprindo as condicións desta.
- l) Toda conduta tipificada como leve en materia de pesca marítima, cometida polas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 91 desta lei, vinculadas xuridicamente a buques apátridas, a buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou a buques de terceiros países identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais por teren incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.
- m) O incumprimento das obrigaçións establecidas en virtude dos tratados internacionais en materia de pesca marítima ou normas establecidas no seo das organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais, cando supoña unha vulneración das medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.

2. No relativo ao control e inspección da actividade pesqueira:

- a) A alteración dos datos e circunstancias que figuren na licenza de pesca ou nas correspondentes autorizacións de pesca.
- b) A non presenza a bordo do diario de pesca ou non ter instalado o diario de a bordo electrónico, conforme o exixido pola normativa vixente.
- c) A non actualización do diario de pesca, o diario de a bordo electrónico ou a declaración de desembarque, ou facelo alterando os datos relativos ás capturas, ao esforzo de pesca, á posición xeográfica dos lances de pesca ou infrinxindo a normativa en vigor.
- d) A inobservancia da obrigaçión de levar a bordo do buque as autorizacións de pesca, os planos de bodega e calquera outro documento exixido pola normativa vixente.
- e) O incumprimento da obrigaçión de entregar ás autoridades competentes as follas do diario de pesca e da declaración de desembarque á chegada a porto, nos prazos e forma establecidos na normativa vixente.
- f) O incumprimento da obrigaçión de transmitir ás autoridades competentes as gravacións do diario de a bordo electrónico, segundo a normativa vixente.
- g) A identificación incorrecta ou ausencia de identificación nas caixas ou embalaxes das especies a bordo.
- h) O incumprimento da obrigaçión de comunicar os desprazamentos, os transbordos, o aviso previo de chegada a porto, as capturas que se leven a bordo ou a ausencia delas, e a información sobre esforzo pesqueiro, segundo o exixido na normativa vixente.

i) O incumprimento de comunicar ás autoridades españolas competentes, no suposto de desembarque de capturas fóra do territorio da Unión Europea, as especies, cantidades e data do desembarque, así como a zona en que se realizaron as capturas, ou facelo falseando ou ocultando datos.

j) O incumprimento da obrigación de comunicar ás autoridades españolas competentes o enrolamento en buques de terceiros países.

k) A non presenza a bordo do dispositivo de control vía satélite ou de calquera outra natureza instalado, establecido na normativa vixente, por causas imputables ao interesado.

l) A non presenza dos dispositivos de control operativos ou acesos, así como a manipulación, apagamento, alteración, dano ou interferencia nas súas comunicacións ou funcionamento.

m) A falta de envío de posicións manuais de localización cando así o estipule a normativa vixente.

n) A eliminación, alteración, ocultación ou encubrimento de probas que se puideren obter no transcurso dos labores ou procedementos de control e inspección.

ñ) A non disposición de escala de vento conforme a normativa en vigor, a falta de colaboración coas autoridades competentes en materia de pesca marítima, axentes e observadores que actúen por delegación ou en virtude de calquera outra forma xurídica prevista en dereito, así como a obstrución dos labores de inspección, sen chegar a impedir o seu exercicio.

o) O incumprimento por parte dos buques pesqueiros non comunitarios da obrigación de efectuar os desembarques nos portos autorizados e en presenza dos funcionarios encargados do control, cando así o exixa a normativa vixente.

p) O desembarque, chegada e entrada a porto ou utilización dos servizos portuarios por buques pesqueiros non comunitarios sen efectuar as notificacións e/ou declaracións previstas na normativa vixente, ou sen contar coas autorizacións oportunas.

q) O desembarque ou descarga dos produtos da pesca en lugares distintos aos autorizados de modo que impida ou dificulte as funcións de control e inspección pesqueira en relación cos produtos obxecto de desembarque ou descarga.

r) O incumprimento da obrigación de levar visible, na forma prevista pola normativa en vigor, o folio e a matrícula da embarcación ou calquera outro distintivo, así como a manipulación destes ou impedir a súa visualización.

s) O incumprimento das obrigacións e requisitos establecidos pola normativa vixente en materia de captura, remolque e engaiolamento de atún vermello.

t) O incumprimento das obrigacións e requisitos establecidos pola normativa vixente en materia de pesaxe antes da primeira venda.

u) O incumprimento das obrigacións e requisitos establecidos pola normativa vixente en materia de prohibición de descartes.

### 3. No relativo ás especies:

a) A realización de calquera actividade que prexudique a xestión e conservación dos recursos mariños vivos, así como das actividades subacuáticas sen dispor de autorización naquelas zonas en que sexa exixible conforme a normativa vixente.

b) A repoboación mariña sen a correspondente autorización ou cando se incumpran as condicións establecidas nela.

c) A tenza, transbordo, desembarque, custodia ou almacenamento, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras cuxa procedencia non estea acreditada conforme a normativa en vigor.

d) A captura, tenza, transbordo, desembarque, custodia ou almacenamento, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nestas.

e) A captura, tenza, transbordo, desembarque, custodia ou almacenamento, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras non autorizadas ou das cales se tiveren esgotado os totais admisibles de capturas (TAC) ou cotas.

f) A captura, tenza, transbordo, desembarque, custodia ou almacenamento, antes da súa primeira venda, de especies pesqueiras de tamaño ou peso inferiores aos permitidos ou, se for o caso, cando se superen as marxes permitidas para determinadas especies.

g) O incumprimento da normativa sobre topes máximos de captura e/ou desembarque permitidos.

4. No relativo ás artes, aparellos, útiles, instrumentos e equipamentos de pesca:

a) O incumprimento das medidas técnicas relativas ao seu modo de emprego.

b) A utilización ou tenza a bordo dos prohibidos, non autorizados ou antirregulamentarios.

c) O incumprimento da normativa sobre o transporte e arrombamento das artes ou aparellos.

d) A utilización de dispositivos que reduzan a selectividade das artes ou aparellos.

e) O exercicio da pesca de lecer facendo uso de luces artificiais de superficie ou mergulladas, ou de calquera outro medio irregular para a atracción, detección ou concentración artificial de especies pesqueiras.

f) O exercicio da pesca submarina de lecer facendo uso de equipamentos de respiración autónomos ou semiautónomos ou de calquera outro sistema que permita a respiración en inmersión, ou utilizando hidroplanos ou vehículos similares.

Artigo 101. *Infraccións moi graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

a) O exercicio ou a realización de actividades profesionais de pesca marítima sen estar incluído no Censo da frota pesqueira operativa.

b) A realización de actividades co obxecto de impedir o dereito ao exercicio da actividade pesqueira.

c) A presentación de documentos, datos, circunstancias ou información falsos para a obtención de autorizacións, permisos ou licenzas de calquera clase.

d) A presentación de documentos, datos, circunstancias ou información falsos para a obtención de axudas públicas á actividade pesqueira, así como destinalas a fins distintos dos previstos.

e) O exercicio da actividade pesqueira sen autorización en augas do mar territorial ou zona económica exclusiva españois por parte de buques pesqueiros non comunitarios.

f) A tenza a bordo ou desembarque en portos españois, por parte de buques pesqueiros non comunitarios, de produtos pesqueiros cuxa orixe non estea identificada de conformidade coa normativa en vigor.

g) O desembarque ou descarga en calquera parte do territorio nacional de produtos pesqueiros de países non comunitarios sen ter obtido a autorización previa establecida na normativa en vigor.

h) A utilización para a pesca de explosivos, armas, substancias tóxicas, velenosas, soporíferas ou corrosivas.

i) A resistencia, desobediencia ou obstrución grave ás autoridades competentes en materia de pesca marítima, axentes e observadores que actúen por delegación ou en virtude de calquera outra forma xurídica prevista en dereito, impedindo o exercicio da súa actividade.

j) A violación das obrigacións establecidas en virtude dos tratados internacionais en materia de pesca marítima ou normas establecidas no seo das

organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais, cando o seu incumprimento poida pór en perigo ou atente contra a súa normal execución, ou supoña ou poida supor un incumprimento das obrigacións asumidas polo Estado.

k) A participación en transbordos ou en operacións conxuntas de pesca con buques apátridas ou buques de terceiros países identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais, por teren incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros, ou a prestación de apoio ou reabastecemento de tales buques.

l) A participación na explotación, xestión e propiedade de buques apátridas, ou buques de terceiros países identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais por teren incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros, ou o exercicio de actividades mercantís, comerciais, societarias ou financeiras relacionadas con eles.

m) Toda conduta tipificada como grave en materia de pesca marítima, cometida polas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 91 desta lei, vinculadas xuridicamente a buques apátridas, a buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou a buques de países terceiros identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais por teren incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.

### CAPÍTULO III

#### **Infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización de produtos pesqueiros**

Artigo 102. *Infraccións leves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións leves:

a) Incumprir as preceptivas obrigacións de información ás administracións públicas ou a súa comunicación incumprindo os prazos ou as condicións daquelas, cando non estea tipificado como grave ou moi grave.

b) Cargar produtos pesqueiros fóra dos lugares ou portos fixados para o efecto.

Artigo 103. *Infraccións graves.*

Para os efectos da presente lei considéranse infraccións graves:

a) A comercialización de especies pesqueiras incumprindo a normativa sobre categorías de frescura e calibre, ou sen contar coas autorizacións necesarias ou en condicións distintas das establecidas nas autorizacións.

b) A realización de operacións de construción ou modernización de buques pesqueiros á marxe de ou incumprindo as preceptivas autorizacións dos órganos competentes das comunidades autónomas, ou do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias.

c) A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de tamaño ou peso inferiores aos regulamentarios.

d) O transporte de produtos pesqueiros sen a correspondente documentación exixida na lexislación vixente.

e) O incumprimento da normativa vixente relativa á potencia dos motores ou outros parámetros establecidos para os buques respecto de cada caladoiro ou modalidade de pesca.

f) O cambio de base do buque pesqueiro sen obter previamente a correspondente autorización administrativa, ou a súa non utilización conforme o establecido no artigo 65, excepto suposto de forza maior.

g) A obstrución dos labores de inspección, sen chegar a impedir o seu exercicio.

h) A entrada ou saída do porto fóra do horario establecido para o exercicio da actividade pesqueira, salvo que tales manobras teñan lugar como consecuencia de estado de necesidade ou forza maior, sen prexuízo das competencias da autoridade portuaria.

i) O incumprimento dos descansos de pesca establecidos.

j) A realización de actividades de venda de produtos pesqueiros en lugar ou en forma non autorizados legalmente ou incumprindo os requisitos exixidos, así como a non expedición da nota de venda, existindo obrigación disto, ou a inclusión nela de datos falsos.

k) O exercicio de actividades profesionais pesqueiras sen estar en posesión da titulación que acredita a capacitación e formación profesional náutico-pesqueira.

l) O desembarque ou descarga de especies e produtos pesqueiros en condicións distintas das establecidas.

m) A identificación incorrecta nas caixas ou embalaxes das especies contidas.

n) A contratación de persoal que non dispoña do título ou tarxeta profesional exixidos pola normativa vixente.

ñ) O consentimento de que a realización dunha función ou servizo a bordo se leve a cabo por alguén sen a debida titulación ou a correspondente dispensa.

o) A obtención, mediante fraude ou documentación falsa, dun contrato para exercer algunha das funcións, ou desempeñar unha determinada tarefa para as cales a normativa vixente prescribe a necesidade de estar en posesión dun determinado título ou da correspondente dispensa.

p) A tenza, consignación, transporte, tránsito, almacenamento, transformación, exposición e venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros que non cumpren os requisitos de rastrexabilidade, etiquetaxe, hixiene ou información ao consumidor exixidos pola normativa vixente.

#### Artigo 104. *Infraccións moi graves.*

1. Para os efectos da presente lei considéranse infraccións moi graves:

a) A obtención das autorizacións precisas con base en documentos ou informacións falsas.

b) A resistencia ou desobediencia grave ás autoridades de inspección, impedindo o exercicio desta.

c) Toda conduta tipificada como grave, cando supoña un incumprimento das obrigacións establecidas en virtude de tratados internacionais ou normas de terceiros países, que estean relacionadas con actividades de pesca de buques apátridas, buques con pavillón de países cualificados regulamentariamente como de abandeiramento de conveniencia ou buques de países terceiros identificados polas organizacións rexionais de ordenación pesqueira ou outras organizacións internacionais por teren incorrido en actividades de pesca ilegal, non declarada e non regulamentada ou contrarias ás medidas de conservación e xestión dos recursos pesqueiros.

2. A obtención de subvencións, préstamos e, en xeral, calquera tipo de axuda, con base en datos falsos, así como destinalas a fins distintos dos previstos, rexerese conforme a normativa aplicable en materia de subvencións.



## CAPÍTULO IV

### Das sancións

Artigo 105. *Clases.*

1. As sancións que poden aplicarse pola comisión das infraccións previstas na presente lei son as seguintes:

- a) Apercibimento.
- b) Amoestación pública.
- c) Sanción pecuniaria.
- d) Asignación de puntos conforme a normativa en vigor.
- e) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras.
  - f) Comiso de artes, aparellos ou útiles da pesca.
  - g) Comiso das capturas pesqueiras ou dos produtos da pesca ou dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións.
  - h) Suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións, licenzas ou permisos.
  - i) Imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas.
  - j) Incautación do buque.
  - k) Inmovilización temporal do buque.
  - l) Suspensión do estatuto de operador económico autorizado.
  - m) Redución ou anulación dos dereitos ou posibilidades de pesca.

Todas elas poderán imporse con carácter principal e acumularse cando proceda.

2. A imposición das ditas sancións realizarase de acordo cos seguintes requisitos:

- a) O apercibimento só se poderá impor para infraccións leves.
- b) A amoestación pública só se poderá impor para infraccións leves e graves.
- c) A sanción pecuniaria poderá imporse de acordo coas regras previstas no artigo 106.
- d) A asignación de puntos realizarase de acordo coa normativa en vigor.
- e) A inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras non poderá ser superior a un período de tres anos en caso de infraccións graves e de cinco anos en caso de infraccións moi graves. Non caberá no caso de infraccións leves.
- f) O comiso de artes, aparellos ou útiles de pesca só se poderá impor en caso de infraccións moi graves e infraccións graves relativas ás especies, e relativas ás artes, aparellos, útiles, instrumentos e equipamentos de pesca.
- g) O comiso das capturas pesqueiras ou dos produtos da pesca ou dos produtos ou bens obtidos na comisión das infraccións poderase impor con independencia da cualificación da infracción.
- h) A suspensión, retirada ou non renovación das autorizacións, licenzas ou permisos non poderá ser superior a un período de tres anos en caso de infraccións graves nin de sete en caso de infraccións moi graves. Non caberá no caso de infraccións leves.
- i) A imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas non poderá ser superior a un período de dous anos en caso de infraccións leves, tres anos en caso de infraccións graves nin de sete en caso de infraccións moi graves.
- j) A incautación do buque só se poderá impor en caso de infraccións moi graves.

k) A inmovilización temporal do buque non poderá ser superior a un período de seis meses en caso de infraccións leves, un ano en caso de infraccións graves nin de tres en caso de infraccións moi graves.

l) A suspensión do estatuto de operador económico autorizado non poderá ser superior a un período de dous anos en caso de infraccións leves, tres anos en caso de infraccións graves nin de sete en caso de infraccións moi graves.

m) A redución ou anulación dos dereitos ou posibilidades de pesca poderá imporse en caso de infraccións moi graves e infraccións graves relativas ao control e inspección da actividade pesqueira, e relativas ás especies.

3. Con independencia das que poidan corresponder en concepto de sanción, o órgano sancionador poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme o disposto no artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha desas multas non superará o 20% da sanción pecuniaria fixada pola infracción correspondente.

4. Non obstante o disposto no 92.5, cando se utilizou o buque pesqueiro para efectuar tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas, transporte ilegal de inmigrantes, ou para calquera outra actividade constitutiva de delito e se determinou por resolución xudicial firme a responsabilidade dos autores, estes quedarán inhabilitados para o exercicio ou desenvolvemento das actividades pesqueiras durante un período de dez anos.

5. A obtención de subvencións, préstamos e, en xeral, calquera tipo de axuda con base en datos falsos, destinados a fins distintos dos previstos ou utilizados de forma indebida dará lugar ao reintegro das cantidades obtidas de acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 106. *Graduación das sancións pecuniarias.*

1. As sancións pecuniarias imporanse de acordo cos seguintes tramos:

- a) As infraccións leves serán sancionadas con multa de 60 a 600 euros.
- b) As infraccións graves serán sancionadas con sanción pecuniaria de 601 a 60.000 euros.
- c) As infraccións moi graves serán sancionadas con sanción pecuniaria de 60.001 a 600.000 euros.

2. Dentro dos tramos precedentes, as sancións pecuniarias imporanse nos graos mínimo, medio ou máximo do seguinte modo:

a) Sanción pecuniaria por infracción leve:

- 1.º Grao mínimo: de 60 a 200 euros.
- 2.º Grao medio: de 201 a 400 euros.
- 3.º Grao máximo: de 401 a 600 euros.

b) Sanción pecuniaria por infracción grave:

- 1.º Grao mínimo: de 601 a 15.000 euros.
- 2.º Grao medio: de 15.001 a 40.000 euros.
- 3.º Grao máximo: de 40.001 a 60.000 euros.

c) Sanción pecuniaria por infracción moi grave:

- 1.º Grao mínimo: de 60.001 a 120.000 euros.
- 2.º Grao medio: de 120.001 a 240.000 euros.
- 3.º Grao máximo: de 240.001 a 600.000 euros.

3. As sancións pecuniarias imporanse motivadamente nos graos mínimo, medio ou máximo en atención, entre outros, aos seguintes criterios:

- a) Beneficio económico que obteña ou espere obter o presunto infractor como consecuencia da infracción cometida.
- b) Tamaño e potencia da embarcación.
- c) Natureza dos prexuízos causados, en especial aos fondos mariños, ecosistemas e organismos vivos, recursos económicos, bens de dominio público ou terceiros ou afección a zonas con protección ambiental ou pesqueira.
- d) Posibilidade de restitución do dano causado como consecuencia da comisión da infracción.

Artigo 107. *Execución de sancións en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa.

Artigo 108. *Redución da sanción pecuniaria en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

Finalizado o procedemento sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores, e notificada a resolución sancionadora aos responsables, estes disporán dun prazo de 20 días naturais para realizar o pagamento voluntario con redución da sanción pecuniaria nos termos e condicións previstos no artigo seguinte.

Artigo 109. *Requisitos e efectos da redución da sanción pecuniaria.*

1. O pagamento voluntario con redución da sanción pecuniaria será aplicable ás sancións pecuniarias impostas por infraccións administrativas en materia de pesca marítima en augas exteriores de carácter leve ou grave, cuxo importe non supere os 15.000 euros e sempre que non tiver recaído sobre os interesados resolución sancionadora firme por infraccións graves ou moi graves en materia de pesca marítima en augas exteriores durante os dous anos anteriores á comisión da infracción, e na resolución sancionadora non se tiveren asignado puntos, de conformidade coa normativa vixente.

2. No suposto de procedementos sancionadores seguidos pola comisión de máis dunha infracción, non será aplicable esta redución a ningunha das sancións pecuniarias se a súa suma supera os 20.000 euros.

3. O pagamento voluntario realizado baixo as condicións e prazos fixados nesta lei terá as seguintes consecuencias:

a) A redución do 30 por cento do importe da sanción pecuniaria imposta na resolución sancionadora.

b) A redución do 50 por cento do importe da sanción pecuniaria imposta naqueles procedementos finalizados porque o interesado manifeste o seu acordo coa proposta de sanción en calquera momento anterior á resolución do procedemento, se media a conformidade do órgano competente para resolver.

c) A firmeza da sanción en vía administrativa desde o momento do pagamento, que producirá plenos efectos desde o día seguinte ao da realización deste e será impugnabile unicamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

d) O prazo para interpor recurso contencioso-administrativo iniciárase no día seguinte a aquel en que teña lugar o pagamento voluntario, salvo que se interpoña recurso potestativo de reposición.

4. En ningún caso caberá esta redución cando se acordase a suspensión condicional prevista no artigo seguinte.

Artigo 110. *Suspensión condicional.*

1. Nas sancións en materia de pesca marítima, ditada a resolución que pon fin á vía administrativa, o infractor poderá solicitar no prazo dun mes, contado a

partir da notificación, a suspensión condicional da execución da sanción imposta, mediante escrito debidamente motivado, dirixido ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, manifestando o compromiso de suxeitarse ás condicións que para o seu outorgamento se establezan, co obxecto de garantir, durante o prazo de suspensión, un comportamento de respecto da normativa reguladora do exercicio da actividade pesqueira. A presentación da solicitude determinará a suspensión automática da execución da sanción até a resolución do expediente sobre a suspensión condicional.

O prazo de suspensión condicional será de seis a nove meses para as faltas leves e de nove a dezaseis meses para as faltas graves, atendendo en ambos os casos ás circunstancias da infracción cometida. Non caberá suspensión no caso de comisión de infracción moi grave.

2. Serán requisitos para solicitar a suspensión condicional:

- a) Que non fose sancionado nos últimos cinco anos.
- b) Que a contía da sanción imposta, en caso de ser sanción pecuniaria, non exceda 30.000 euros.

3. Para os efectos da resolución de suspensión condicional da execución, concederáse audiencia ao interesado e poderán solicitarse informes das entidades asociativas do sector afectado e doutros organismos públicos interesados. Poderán, así mesmo, solicitarse todos aqueles informes que se consideren convenientes para resolver sobre a suspensión condicional.

Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá resolver a concesión ou denegación da suspensión condicional da execución da sanción.

4. A resolución denegatoria da suspensión condicional, debidamente motivada, será notificada ao interesado e seguidamente continuarase a tramitación da execución da sanción imposta. Así mesmo, a resolución favorable, debidamente motivada, será notificada aos interesados e expresará as condicións en que se levará a cabo, así como que suspende os prazos de prescripción da sanción establecida na presente lei. Os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. As condicións de obrigado respecto polo infractor, durante o período de suspensión, incluírán, en todo caso:

- a) Non cometer ningunha infracción pesqueira.
- b) Cumprir debidamente as medidas cautelares impostas e mantidas, cando for o caso.
- c) As medidas cautelares serán en todo caso prolongadas automaticamente durante o período de vixencia da suspensión condicional.

6. Se o interesado, durante o prazo de suspensión fixado, incumprir as obrigacións ou condicións impostas ou for sancionado por outras infraccións pesqueiras, o órgano competente, logo de audiencia daquel, revogará a suspensión condicional da execución da infracción e continuará a tramitación da execución da sanción imposta.

7. Unha vez cumprido o tempo establecido de suspensión, se o infractor, á vista dos informes que poden ser requiridos para o efecto, cumpriu as condicións establecidas e non foi sancionado por outras infraccións pesqueiras, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente acordará a remisión da sanción imposta sempre que a resolución administrativa sancionadora sexa firme e non se tiver ditado sentenza xudicial.

Artigo 111. *Función inspectora en materia de ordenación do sector pesqueiro e comercialización de produtos pesqueiros.*

1. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de ordenación do sector pesqueiro iníciase desde o momento mesmo do desembarque ou descarga das capturas nos termos que a súa lexislación estableza.

2. A función inspectora das comunidades autónomas en materia de comercialización de produtos da pesca, independentemente da orixe destes, iníciase despois da primeira comercialización nas lonxas dos portos ou desde a primeira comercialización cando os produtos non se vendan por primeira vez nesas lonxas.

Artigo 112. *Competencia sancionadora en materia de pesca marítima en augas exteriores.*

A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións en materia de pesca marítima corresponderá:

- a) Aos delegados do Goberno no suposto de infraccións leves.
- b) Ao director xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura no suposto de infraccións graves.
- c) Ao secretario xeral de Pesca no suposto de infraccións moi graves se a contía da sanción pecuniaria non excede 300.000 euros.
- d) Ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando a infracción sexa cualificada como moi grave se a contía da sanción pecuniaria excede 300.000 euros.

Artigo 113. *Competencia sancionadora en materia de ordenación do sector e de comercialización de produtos pesqueiros.*

Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas o desenvolvemento lexislativo, a tramitación e a resolución dos expedientes correspondentes ás infraccións en materia de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización de produtos pesqueiros tipificadas nesta lei.

Artigo 114. *Financiamento e dotación de medios para o control pesqueiro e a conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros.*

De conformidade co establecido nos artigos 3 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, e 5 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, instrumentaranse os medios necesarios para a consecución por parte da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dos obxectivos de control pesqueiro, así como dos obxectivos de investigación pesqueira e oceanográfica, definidos conforme o disposto no artigo 84 e seguintes da presente lei, en colaboración co Instituto Español de Oceanografía, no marco da política de conservación, protección e rexeneración dos recursos pesqueiros segundo os títulos I e IV da presente lei.»

Dezanove. Os artigos 109, 110, 111, 112 e 113 pasan a numerarse como artigos 115, 116, 117, 118 e 119 respectivamente.

Vinte. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda. *Título competencial.*

1. Constitúen lexislación de pesca marítima e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución o título I e os artigos 57 (e concordantes reguladores do Rexistro Xeral da Frota Pesqueira), 89 a), 90 no ámbito das súas competencias, 95

no ámbito da pesca marítima en augas exteriores, 97 a 101, 105 a 110, 112, 114, disposicións adicionais primeira e sexta e disposición transitoria única.

2. Constitúen lexislación básica de ordenación do sector pesqueiro e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución o título II, salvo o artigo 57 (e concordantes reguladores do Rexistro Xeral da Frota Pesqueira), o capítulo V en materia de rastrexabilidade e control, e o capítulo VI; e os artigos 89 b), 90 no ámbito das súas competencias, 102 a 106, 111.1, 113 e disposición adicional quinta.

3. Constitúen lexislación básica de ordenación da actividade comercial e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución o título III e os artigos 89 b), 103 a), c), d), j), m) e q), 104 a) e c), 105 número 1 letras a), b), c), e), g), h), i) e l), e números 2 e 3, 106, 111.2, 113 e disposición adicional quinta.

O capítulo V do título II dítase ao abeiro do mencionado artigo 149.1 na súa regra 13.<sup>a</sup> en materia de rastrexabilidade e control, e conxuntamente coa 19.<sup>a</sup>, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de ordenación do sector pesqueiro, no ámbito das súas competencias.

O capítulo VI do título II dítase ao abeiro do mencionado artigo 149.1 na súa regra 13.<sup>a</sup>, conxuntamente coa 20.<sup>a</sup>, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

4. Constitúen bases do réxime xurídico das administracións públicas e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, os artigos 91, 92, 93, 94, 95 nos ámbitos de ordenación do sector pesqueiro e de ordenación da actividade comercial, e 96.

5. O título IV dítase ao abeiro da competencia do Estado sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica, de acordo co artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución.»

Vinte e un. Modifícase a disposición adicional terceira, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. *Transmisión de datos.*

1. Os ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Fomento establecerán os mecanismos de coordinación e de traspaso de información precisos entre o Rexistro Xeral da Frota Pesqueira e o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras. Ambos os ministerios garantirán un acceso recíproco, permanente e directo aos datos necesarios existentes en ambos os rexistros para efectos de consulta.

O Ministerio de Fomento requirirá un informe previo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre calquera modificación nas anotacións da lista terceira e cuarta do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

2. De igual forma, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Ministerio de Fomento e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social facilitaranse mutuamente a información dos seus rexistros e bases de datos para efectos de consulta, e establecerán os mecanismos de coordinación e de traspaso de información necesarios respecto das empresas con buques pesqueiros e traballadores inscritos no réxime especial da Seguridade Social do mar.»

**Disposición transitoria primeira.** *Aplicación da lexislación máis favorable.*

As infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán obxecto da sanción que resulte máis favorable para o infractor.

**Disposición transitoria segunda.** *Aplicación da redución de sanción pecuniaria.*

As disposicións reflectidas nos artigos 108 e 109 serán de aplicación desde a entrada en vigor da presente lei.



**Disposición transitoria terceira.** *Rexistros autonómicos para os buques que traballen exclusivamente en augas interiores e os auxiliares das instalacións de acuicultura.*

En canto non se produza o desenvolvemento regulamentario a que fai referencia o artigo 57.4 e as comunidades autónomas litorais teñan operativos os respectivos rexistros ou censos a que se refire o citado artigo 57, seguirá a rexer para os buques que traballen exclusivamente en augas interiores e os auxiliares das instalacións de acuicultura o disposto para o Censo da frota pesqueira operativa no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

O título VI da Lei 3/2001, do 26 de marzo, quedará derogado con data do 31 de xullo de 2015.

Derróganse as seguintes normas:

- Lei 144/1961, do 23 de decembro, sobre reorganización das ensinanzas náuticas e de pesca.
- Lei 147/1961, do 23 de decembro, sobre renovación e protección da frota pesqueira.
- Lei 156/1961, do 23 de decembro, sobre dotacións do profesorado das escolas de náutica e de pesca.
- Lei 23/1964, do 29 de abril, sobre dotación das escolas de náutica e de formación náutico-pesqueira.
- Lei 28/1965, do 4 de maio, sobre ampliación das modalidades de títulos que debe posuír o profesorado das escolas oficiais de náutica e o das de formación profesional náutico-pesqueira.
- Lei 71/1978, do 26 de decembro, de desenvolvemento da pesca en Canarias.
- Lei 33/1980, do 21 de xuño, sobre creación dun Fondo de Regulación e Organización do Mercado de Produtos da Pesca e Cultivos Marítimos (FROM).
- Lei 20/1995, do 6 de xullo, de medidas relativas á conservación e comercialización dos produtos pesqueiros.
- Lei 23/1997, do 15 de xullo, de ordenación do sector pesqueiro de altura e grande altura que opera dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste.
- Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regulación e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da frota pesqueira operativa, con data do 31 de xullo de 2015.

Así mesmo, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias á presente lei.

**Disposición derradeira única.** *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias dos departamentos ministeriais correspondentes e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY